

REUNIÓN DO COMITÉ DE EMPRESA

Acta do 03-noviembre-2010

Asisten:

Presidente: Portela Fernández, Xosé Manuel (CUT)

Vicepresidente: Ledo Pernas, Félix (CUT)

Secretario: Muñiz Seijas, Juan Carlos (CUT)

Vicesecretario: Boado Sexto, José Antonio (CUT)

Rodríguez Barba, Ana María (CUT)

Suárez Sánchez, José Manuel (CUT)

Bouzas Gómez, José Antonio (CUT)

Puente Varela, Jesús Florentino (CUT)

Cordal Fustes, Jorge (CIG)

Pena Pérez, Enrique José (CIG)

Otero Canabal, Jorge (CCOO)

Rey Souto, María Teresa (UGT)

Ríos Barbeito, Manuel (UGT)

Monteserín Macías, Pedro Manuel (USO)

Non asisten:

Cardelle Barreiro, Eduardo (CIG)

Romero Beade, Manuel (USO)

López Domínguez, Javier (CC.OO)

Iníciase a reunión ás 9:30 horas na sala nº 2 da Reitoría da Universidade.

Coa seguinte **orde do día**:

Punto nº 1.- Lectura e aprobación, si procede, da acta da sesión anterior.

Punto nº 2.- Informe do presidente.

Punto nº 3.- Análise da situación e alternativas:

A proposta de Jesus Florentino Puente Varela e Juan Carlos Muñiz Seijas, tomar acordo sobre:

- Adhesión do Comité de Empresa ao preche de dous compañeiros na Reitoría.
- Convocatoria de concentracións de traballadores/as en Coruña e Ferrol.

Punto nº 4.- Convocatorias enviadas polo servizo de Persoal, análise e composición do tribunal.

Punto nº 5.-Rogos e preguntas.

Desenvolvemento da sesión, acordos:

A sala onde está convocada a reunión do Comité de Empresa non ten ningún elemento que se poida relacionar co peche mais, antes de comezar e dadas as reticencias en facer a reunión na sala de comisións número 2, acórdase:

A asistencia a reunión non implica secundar o encerro.

A reunión celébrase a porta pechada para a prensa.

Non supón vinculación dos presentes ao peche.

Os pechados aclaran que o fan na reitoría independentemente na sala onde se atopen.

Punto nº 1.-

Modifícase a acta anterior aclarando o punto tres da mesma, apróbase a acta con estas aclaracións.

Punto nº 2.- Informe do presidente.

Non hai ningunha novidade ao respecto da RPT e promocións.

Sobre a denuncia dos descontos o presidente indica que está en tramites por parte do avogado da CUT de Vigo, acórdase facer un seguimento máis próximo do desenvolvemento deste proceso.

Dado que se defende o cumprimento literal do establecido no Regulamento de Funcionamento Interno do Comité, e isto fai máis lento o funcionamento do propio órgano de representación, apróbase por unanimidade dos presentes, o texto:

“Os documentos, convocatorias, etc., poderanse consensuar a través do correo electrónico. Deterase o proceso a solicitude de calquera dos membros do Comité, sendo, neste caso, introducido como punto da orde do día da seguinte sesión plenaria do Comité de Empresa.”

Precisarase resposta positiva de, polo menos, unha persoa de cada sindicato para proceder á súa tramitación.”

Punto nº 3.- *Análise da situación e alternativas:*

A proposta de Jesus Florentino Puente Varela e Juan Carlos Muñiz Seijas, tomar acordo sobre:

- *Adhesión do Comité de Empresa ao peche de dous compañeiros na Reitoría.*
- *Convocatoria de concentracións de traballadores/as en Coruña e Ferrol.*

Ante esta proposta redáctase o texto que queda como segue:

“O Comité de Empresa, reunido o 03/11/2010, diante da inacción da Universidade.

Reivindica:

Que a Universidade presente unha RPT que corresponda co Plan Estratégico da Universidade, Programación Plurianual 2009-2010 e os Orzamentos aprobados para 2010.

A inmediata execución das promocións comprometidas desde o II Convenio Colectivo (ano 2006).

E decide o seguinte:

Solidarizarse cos traballadores pechados na Reitoría ao coincidir a súas reclamacións coas que reiteradamente ven reclamando o propio Comité.

Convocar a todos os traballadores/as a unha concentración diante da Reitoría da Universidade da Coruña e diante da Vicerreitoría do Campus de Ferrol, o vindeiro venres día 05/11/2010 desde as 11:00 ás 11:20 horas.”

A votación do texto reflicte o resultado: votos a favor 10, votos en contra 2.

Chégase ao acordo de que este escrito se envíe ao resto dos compañeiros/as.

A CIG anuncia a presentación dun voto particular que remitiu por correo electrónico:

“A CIG, como voto particular, expresa o seguinte: entendemos como xustos e esixibles os obxectivos dunha RPT que responda ás necesidades do colectivo, e a execución da transitoria II.

Tamén entendemos que non podemos apoiar a actitude dos traballadores pechados, ao seren eles os principais responsables da situación creada. Pensamos que a súa postura prexudica a posición negociadora do comité cando quedan menos de dous meses para que remate o ano; e é basicamente unha tentativa de lavar a súa imaxe como responsables de que non teñamos hoxe unha RPT aprobada”

Punto nº 4.- Convocatorias enviadas polo servizo de Persoal, análise e composición do tribunal.

Acórdase repartir as convocatorias para seren analizadas máis rapidamente, despois procederase á posta en común.

Sen máis incidencias remátase a sesión ás 14:30 horas

A Coruña, 03 de novembro de 2010

Comité de Empresa.